

**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR**

*ANUNCIO do 16 de xullo de 2013, da Xefatura Territorial de Ourense, polo que se notifica a diversos interesados a aprobación do acordo de concentración parcelaria da zona da Graña (Xunqueira de Ambía).*

De conformidade co disposto nos artigos 59.2º e 59.5º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, notifícaselles ás persoas da relación adxunta que a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural acordou o día 2 de abril de 2013 a aprobación do acordo de concentración parcelaria da Graña (Xunqueira de Ambía-Ourense), que está exposto ao público no Concello de Xunqueira de Ambía e nos lugares de costume, de conformidade co disposto nos artigos 36 e 40 da Lei 10/1985, de concentración parcelaria para Galicia, modificada pola Lei 12/2001, do 10 de setembro, ao non ser posible a súa notificación a través do servizo de Correos.

No referido acordo figura a correspondente ficha de atribucións cos predios de substitución.

Para o caso de que se formulasen alegacións en relación co proxecto, o resultado destas será o que deriva das fichas de atribucións.

Contra o devandito acordo, que non é definitivo na vía administrativa, os interesados da relación adxunta poderán interpoñer recurso de alzada ante a conselleira do Medio Rural e do Mar, no prazo de 30 días naturais contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Ourense, 16 de xullo de 2013

Yago Borrajo Sánchez  
Xefe territorial de Ourense

**ANEXO**

Nº propietario	Nome
16	Delia Blanco González
62	Purificación Domínguez Quintas



Nº propietario	Nome
112	María Francisca García Pérez
141	Benito Gómez Méndez
167	Lucila González Bahamonde
193	Josefa Ledo Otero
215	Constantina Carnero Mangana
264	Concepción Novás Feijóo
332	Luis Quintas Barrio
398	Miguel Marra García
398	Enrique Marra García
398	Faustino Marra García
400	Montes Veciñais en Man Común, veciños de Piñeira de Arcos

